

SEMANA: LUNS 11 DE MAIO – VENRES 15 MAIO, 2020

ACTIVIDADES L. GALEGA

Esta semana en L. Galega, propóñovos realizar as seguintes actividades:

- **Vocabulario:** as palabras homófonas.
- **Gramática:** os pronomes persoais.
- **Comprensión lectora e expresión escrita.** Como ben sabedes, o 17 de maio é o día das Letras Galegas. Aínda que non podemos celebrar esta data tan importante como nos gustaría, propóñovos unha serie de actividades que nos permiten coñecer ó homenaxeado: Ricardo Carvalho Calero, que ademais é ferrolán.

¿Estades listo? Comezamos!

- **VOCABULARIO:** AS PALABRAS HOMÓFONAS.

PALABRAS HOMÓFONAS

Son as palabras que se pronuncian igual pero escríbense diferente e teñen significados distintos.

BACA/VACA



A **BACA** do coche.



A **VACA**, animal.

Recorda como se escriben. Se queres escribir: "Pepe, coloca a **baca** no **coche**", escribo con B, senon a persoa que o lea imaxinarase isto:




E non queremos que pensen que estamos tolos...

RECORDAI

Animal mamífero: **Vaca**

Armazón que se coloca no coche: **Baca**

1. Busca no dicionario estas palabras e relaciónaaas coa imaxe que corresponda.



2. Relaciona cada palabra homófona coa súa definición.

- Revelar-rebelar(se).
 - a) Negarse a obedecer: _____
 - b) Dar a coñecer; facer visible a placa dunha fotografía: _____
- Cabe-cave.
 - a) Forma do verbo caber: _____
 - b) Forma do verbo cavar: _____
- Botar- votar.
 - a) Dar botes: _____
 - b) Dar un voto: _____
- Nabal- naval.
 - a) Relativo aos nabos: _____
 - b) Relativo ás naves ou á navegación: _____

3. Completa as oracións coa palabra adecuada:

Ai!: expresión de queixa ou alegría.

Hai: do verbo haber.

- Xunto á chimenea _____ moitos agasallos.
- ____! Que susto levei!

Bago: froito en forma de uva.

Vago: que non é amigo de traballar.

- As perlas dese colar teñen forma de _____.
- O neno non é _____; só está cansado.

E: palabra que serve para unir.

Eh!: úsase para chamar a atención.

- ____! Saíde de aí inmediatamente!
- Regaláronme libros ____ xoguetes.

Bota: tipo de calzado.

Vota: do verbo votar.

- Ata os amallós da _____, que vas caer.
- Cada alumno _____ para elixir un delegado.

- **GRAMÁTICA: OS PRONOMES PERSOAIS.**

Os **pronomes persoais** son palabras que nomean persoas, animais ou cousas **sen dicir o seu nome**. Poden ser **tónicos**: *eu, ti*, ou **átonos**: *me, te*. Teñen as seguintes formas:

		Singular	Plural
1. ^a persoa	tónicos	eu, min, comigo	nós, connosco
	átonos	me	nos
2. ^a persoa	tónicos	ti, vostede, contigo	vós, vostedes, convosco
	átonos	te, che	vos
3. ^a persoa	tónicos	el, ela	eles, elas
	átonos	o/lo/no, a/la/na, lle	os/los/nos, as/las/nas, lles

Déixovos tamén este enlace directo a un vídeo de Youtube, onde se explica con máis profundidade este ámbito da gramática: “Os pronomes persoais en galego”.

<https://www.youtube.com/watch?v=mWRcSw9CSfY>

1. Arrodea os pronomes persoais tónicos que hai neste texto.

Aínda que ti non me creas, dígoche que uns marcianos aterraron onte no xardín da miña casa. Meu irmán asustouse moito, pero eu baixei a saudalos. Eles estrañáronse un pouco ao principio, pero axiña colleron confianza e puxéronse a falar. Non lles entendín nada, porque non falan coma nós. Iso si: son ben simpáticos.

2. Indica a persoa e o número dos pronomes que atopaches no exercicio anterior.

Exemplo: ti: 2ª persoa, singular.

3. Fíxate nas palabras subliñadas: pódense substituír por pronomes persoais:

Exemplo: Mamá e mais eu vemos a televisión- Nós vemos a televisión.

- Laura perdeu o autobús: _____
- O veciño de arriba ten un telescopio no balcón: _____
- A meniña chegou moi cansa de tanto andar: _____
- Meu avó e mais eu saímos cada tarde a dar un paseo: _____
- Mónica e Helena viven en Ourense: _____
- Alberte e ti tedes os mesmos gustos: _____

4. Completa o seguinte poema cos pronomes do recadro:

A lúa non _____ gustaba
o sol orgulloso e altivo.
E como non _____ aturaba,
un día, anoxada, _____ dixo:
- Escoita _____ ben,
rei das candeas.
Ti por que presumes
de ouro e grandeza?
O sol e as estrelas,
a lúa, os planetas,
todos somos astros
da mesma beleza.
Non _____ amoles
con esa fachenda!
Sé máis modesto,
comparte o teu brillo;
achéga _____ a nós
e has de ter amigos.



Paula L. Hortas

- **COMPRESIÓN LECTORA E EXPRESIÓN ESCRITA: RICARDO CARVALHO CALERO.**

RICARDO CARVALHO CALERO

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña) o 30 de outubro de 1910. Era o fillo maior de M.^a Dolores e Gabriel Ricardo.

Os seus primeiros estudos foron nun colexio da rúa Magdalena e despois no Colexio Sagrado Corazón de Xesús, dirixido polo escritor Manuel Comellas; fixo o bacharelato por libre e trasladouse a Compostela a estudar na súa universidade.

Foi un gran defensor do idioma galego e membro do Seminario de Estudos Galegos onde coñeceu a Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas...

Traballou en moitas revistas galegas: *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Papel de Color*...


En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago e, como profesor contratado, á universidade compostelá da que se converteu no seu primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega.

É autor de *Gramática elemental del gallego común* e de obras de teatro, poesía, novela e moitos estudos sobre a lingua e a literatura galega.

Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.


Faleceu en Compostela no ano 1990.

Polo seu labor en defensa do idioma e cultura galega a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras.



RICARDO CARVALHO CALERO

Ricardo Carvalho Calero



SCÓRPIDO, PUBLICADA EN 1987, É A ÚLTIMA NOVELA DE RICARDO CARVALHO.

1.- Cal era o nome dos seus pais?

2.- Que estudou en Santiago de Compostela?

3.- Cales eran os obxectivos do Seminario de Estudos Galegos?

4.- En que instituto compostelán deu clases?

5.- De que materia foi o primeiro catedrático universitario?

6.- Localiza nesta sopa de letras o nome de sete países que teñen o portugués como idioma oficial.

X	C	A	B	O	V	E	R	D	E	B	N
M	O	Z	A	M	B	I	Q	U	E	Z	C
C	B	Z	N	G	T	I	M	O	R	Ñ	L
M	X	Ñ	G	B	V	D	N	H	F	M	Z
L	F	P	O	R	T	U	G	A	L	V	S
G	D	M	L	C	F	Ñ	X	H	L	N	D
X	B	R	A	S	I	L	B	V	G	Ñ	X
G	U	I	N	E	A	B	I	S	S	A	U

BRASIL MOZAMBIQUE ANGOLA PORTUGAL
GUINEA BISSAU TIMOR CABO VERDE